

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13359 *Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

Transcorreron máis de vinte e cinco anos desde a aprobación da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía. Neste cuarto de século sucedéronse feitos moi relevantes que obrigaron a sucesivas modificacións parciais do texto. Esta lei constituíu no seu día un importante avance normativo que permitiu un correcto desenvolvemento da metroloxía científica e do control metrolóxico do Estado. A lei demostrou, ademais, unha gran flexibilidade e unha gran capacidade de adaptación. Chegou, por tanto, o momento de promulgar un novo texto que proporcione coherencia a todas aquelas modificacións, facilite a comprensión dos cidadáns, axude ás administracións públicas na aplicación da normativa metrolóxica e favoreza o libre mercado e a innovación tecnolóxica, todo isto partindo do respecto polas virtudes do texto anterior.

O primeiro cambio parcial chegou moi axiña, co ingreso do Reino de España no que daquela se chamaba Comunidades Europeas. O dito ingreso produciuse con efectos de xaneiro de 1986, moi pouco despois da aprobación da lei, e obrigou á súa adaptación mediante o Real decreto lexislativo 1296/1986, do 28 de xuño, polo que se modifica a Lei 3/1985, do 18 de marzo, e se establece o control metrolóxico CEE.

A execución do control metrolóxico do Estado foi unha competencia progresivamente transferida ás comunidades autónomas. O Tribunal Constitucional, a través das sentenzas 100/1991, do 13 de maio, sobre a Lei de metroloxía e 236/1991, do 12 de decembro, sobre os reais decretos de desenvolvemento da Lei de metroloxía, estableceu as clarificacións oportunas que permitiron, despois de solucionar os problemas competenciais, que haxa un importante grao de colaboración entre a Administración xeral do Estado e as administracións das comunidades autónomas.

Nos anos seguintes produciuse de maneira paulatina un cambio de filosofía por parte da Unión Europea en disciplinas e sectores diversos. Unha das afectadas por eses cambios de percepción foi a metroloxía. Refírense eses cambios aos enfoques denominados «novo enfoque» e «enfoque global». No concreto campo metrolóxico estes enfoques substanciáronse inicialmente na Directiva 90/384/CEE do Consello, do 20 de xuño de 1990, sobre a aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas aos instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático, que posteriormente foi codificada pola Directiva 2009/23/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa aos instrumentos de pesaxe de funcionamento non automático e, ao cabo do tempo e cun carácter xeral con alcance a outros tipos de instrumentos, pola Directiva 2004/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativa aos instrumentos de medida. A súa transposición ao ordenamento español levouse a cabo mediante o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, que regula o control metrolóxico do Estado sobre os instrumentos de medida. Este real decreto fixo compatible a nova estrutura de fases do control metrolóxico do Estado ao agrupar en dúas («avaliación da conformidade» e «instrumentos en servizo») as fases preexistentes

(«aprobación de modelo» e «verificación primitiva» dunha parte e «verificación periódica» e «verificación despois de reparación ou modificación» doutra).

A incorporación ao marco regulatorio da Unión Europea da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, requiriu da aprobación de dúas leis para incorporar o seu contido ao ordenamento español: a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e, como consecuencia e complemento da anterior, a Lei 25/2009, do 25 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Esta última norma, no seu artigo 11, modificou, pola súa vez, diversos aspectos da vixente Lei de metroloxía para adaptala tanto á Directiva 2004/22/CE como á Directiva 2006/123/CE. Concretamente, foron modificados os artigos 7, 8 e 13, nos que se regulan as fases do control metrolóxico do Estado, o Rexistro de Control Metrolóxico e o réxime de infraccións.

A formulación da Directiva 2006/123/CE trata de facilitar a liberdade das empresas e dos cidadáns para o exercicio das súas actividades en todo o ámbito territorial da Unión Europea, baixo a súa responsabilidade, e suprime numerosos requisitos previos ás actuacións privadas. Isto require que as administracións públicas con competencias executivas despracen a súa actuación cara á vixilancia do mercado.

A nova lei tamén recolle a modificación introducida pola Directiva 2009/137/CE da Comisión, do 10 de novembro de 2009, pola que se modifica a Directiva 2004/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos instrumentos de medida, no que respecta á explotación dos erros máximos permitidos que se establecen nos anexos específicos dos instrumentos MI-001 a MI-005. Esta modificación incorporouse ao noso ordenamento xurídico por medio do Real decreto 1284/2010, do 15 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

No plano científico a regulación da Unión Europea baséase na Directiva do Consello do 20 de decembro de 1979, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre as unidades de medida, que derogaba a Directiva 71/354/CEE e que foi sucesivamente modificada pola Directiva 85/1/CEE do Consello, do 18 de decembro de 1984, a Directiva 89/617/CEE do Consello, do 27 de novembro de 1989, a Directiva 1999/103/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xaneiro de 2000, e a Directiva 2009/3/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2009. Esta última foi trasposta ao dereito español polo Real decreto 2032/2009, do 30 de decembro, de unidades de medida.

A asimilación pola industria da evolución da ciencia e a tecnoloxía fai cada vez máis frecuente a utilización de materiais de referencia na medición de diversas propiedades da materia orgánica e inorgánica, na que os resultados analíticos son determinantes. Estes materiais de referencia deben ser elaborados e certificados de forma moi rigorosa para garantir as medicións que, por comparación con eles, se realizan. A súa utilización foi obxecto de múltiples recomendacións dos organismos internacionais relacionados coa metroloxía científica e legal.

Finalmente, hai que destacar a importancia da correcta aplicación de procedementos técnicos adecuados na calibración, verificación e utilización dos instrumentos de medida. Estes procedementos poden ter en si mesmos tanta ou máis importancia que os propios instrumentos, de forma que a súa incorrecta aplicación pode proporcionar máis erros nas medicións que os derivados destes últimos. Por isto, a metroloxía non trata só das unidades de medida e os instrumentos con que se traballa senón tamén, se for o caso, dos procedementos e boas prácticas que se seguen no seu uso.

Para a redacción do texto tivéronse en conta os criterios da Organización Internacional de Metroloxía Legal da que España é membro, así como as resolucións da Conferencia Xeral de Pesos e Medidas relacionadas co Sistema Internacional (SE) cuxa última reforma procede da 23.^a Conferencia do ano 2007.

II

A presente lei consta de vinte e seis artigos, agrupados en seis capítulos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

O capítulo I consta dun só artigo e establece o obxecto da lei.

As unidades de medida régulanse de conformidade coas resolucións da Conferencia Xeral de Pesos e Medidas como xa estableceu no seu día a Lei 3/1985, do 18 de marzo. Periodicamente, de acordo cos avances da ciencia, os acordos da Conferencia e as directivas da Unión Europea, actualízase esta normativa, actualmente contida no xa mencionado Real decreto 2032/2009.

O capítulo II refírese ao sistema legal das unidades de medida. Este capítulo fórmano cinco artigos, 2 a 6, que regulan, respectivamente, o sistema e as unidades legais de medida; os seus nomes, e no caso do tempo e a temperatura, escalas, símbolos e outras regras relativas á expresión das unidades; os patróns nacionais e a diseminación das unidades de medida; os materiais de referencia e, finalmente, establece a obrigaición de utilizar o sistema legal de unidades de medida, que é o Sistema internacional, e que comprende non só a definición das unidades do sistema, senón tamén os seus nomes, escalas, símbolos, regras de escritura e a expresión dos seus valores e múltiplos e submúltiplos.

O capítulo III (artigos 7 a 13) establece o control metrolóxico do Estado mediante a definición do seu alcance, dos elementos que se someten a ese control e das fases que comprende, a vixilancia e inspección, a declaración responsable dos reparadores e o tratamento das modificacións e reparacións realizadas durante a vida útil dos instrumentos sometidos ao control metrolóxico do Estado e a regulación metrolóxica dos produtos preenvasados.

O capítulo IV está integrado por un único artigo, o 14, e refírese á protección do patrimonio histórico artístico mediante as oportunas restricións á exportación dos instrumentos e outros obxectos metrolóxicos.

O capítulo V comprende os artigos 15 a 19 nos que se regula a organización e estrutura administrativa dedicada ao control metrolóxico no ámbito da Administración xeral do Estado, que será desenvolvida polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, tendo en conta as funcións específicas do Consello Superior de Metroloxía (xa creado pola Lei 3/1985, do 18 de marzo, e cuxa estrutura, composición e funcionamento está regulada polo Real decreto 584/2006, do 12 de maio), do Centro Español de Metroloxía (creado no artigo 100 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado e cuxo estatuto foi aprobado polo Real decreto 1342/2007, do 11 de outubro) e dos laboratorios a el asociados. Prevé tamén a posibilidade de habilitación, mediante a correspondente autorización administrativa, a aqueles que, como organismos designados a que alude o artigo 19, interveñen no control metrolóxico do Estado, figura esta recollida nas directivas da Unión Europea e xa recollida no noso ordenamento polo Real decreto 889/2006, tanto en relación con instrumentos con regulación harmonizada como respecto a instrumentos con regulación específica nacional.

O sexto e último capítulo, que consta de sete artigos, do 20 ao 26, refírese ao réxime de infraccións e sancións, recolle as diversas modificacións da Lei 3/1985 e ten en conta a distribución de competencias na materia entre o Estado e as comunidades autónomas. Clasifícanse as sancións en leves, graves e moi graves. Establécense os prazos de prescrición das infraccións e sancións así como a distribución territorial de competencias sancionadoras e o correspondente procedemento.

A disposición transitoria única establece o mecanismo para que, mentres non se aproben as normas de desenvolvemento para a habilitación de organismos, o Centro Español de Metroloxía e os demais organismos designados poidan seguir realizando as actividades propias do control metrolóxico do Estado. Así mesmo, dá un prazo suficiente para a adopción das medidas necesarias para garantir a plena aplicación do recoñecemento interterritorial das designacións de organismos.

A disposición derogatoria única deixa sen vigor a Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía; o Real decreto lexislativo 1296/1986, do 28 de xuño, que a modifica e establece o control metrolóxico CEE; o artigo 11 da Lei 25/2009, do 25 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizo e o seu exercicio e, finalmente, o capítulo VI do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os instrumentos de medida.

A disposición derradeira primeira autoriza o Goberno para que, por proposta do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, dite as disposicións regulamentarias que se requiran para o desenvolvemento desta lei e a disposición derradeira segunda autoriza o Goberno para que actualice as contías das sancións establecidas no capítulo VI.

A disposición derradeira quinta refírese ao título competencial e, finalmente, a disposición derradeira sexta establece que a entrada en vigor da lei será ao día seguinte da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

III

Mención especial merece a disposición derradeira terceira, que modifica os artigos 4.5, 8.11, 13.1.b, 15, 16, 18, 31 e 34.1 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, co obxecto de garantir que os produtos e instalacións industriais cumpren os requisitos que proporcionan un elevado nivel de protección do interese público en ámbitos como a saúde e seguridade en xeral, a seguridade e saúde no traballo, a protección dos consumidores, a protección do ambiente e, en particular, a seguridade industrial.

Para os organismos de control, mantívose o réxime de autorización na transposición da Directiva 2006/123/CE realizada pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Non obstante, a Sentenza do Tribunal Supremo do 29 de xuño de 2011 declarou a inaplicabilidade da necesidade de autorización administrativa dos organismos de control na falta de que o Estado xustificase a concorrencia dunha razón imperiosa de interese xeral ou que resultase obrigado para o cumprimento das súas obrigacións comunitarias ou internacionais.

Segundo dispón a Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior nas súas consideracións 40 e 56 e no seu artigo 4, e a Lei 17/2009, do 23 de novembro, no seu artigo 3, o concepto de razóns imperiosas de necesidade xeral abrangue ao menos os ámbitos seguintes: orde pública, seguridade pública e saúde pública, protección do consumidor, protección dos traballadores, benestar animal, prevención de fraudes, prevención da competencia desleal, protección do ambiente e do contorno urbano e seguridade viaria entre outros. Neste sentido, cabe destacar que o obxecto da seguridade industrial, tal e como está establecido no artigo 9 da vixente Lei de industria, coincide plenamente cos ámbitos citados anteriormente.

Doutra parte, as actividades e instalacións comprendidas no ámbito de aplicación desta lei encóntranse en gran parte rexidas por lexislación comunitaria de harmonización. Cabe citar aquí o Regulamento 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos, especialmente no que concirne á acreditación dos organismos de avaliación da conformidade. En España a Lei de industria regula no seu título III, atribuíndo, en materia de seguridade industrial, a comprobación ás administracións públicas competentes, por si mesmas ou a través de organismos de control.

No ámbito da seguridade industrial, o artigo 15 regula estes organismos de control e xa establece con carácter básico a existencia de que sexan acreditados por unha entidade acreditadora. Mediante a acreditación avalíase a competencia técnica, a independencia e imparcialidade, de forma regrada, baseada en criterios claros, obxectivos, únicos e non discriminatorios, e constitúe un elemento esencial, ao facer os requisitos exixidos para a acreditación dos organismos de control únicos e válidos para todo o territorio nacional e válidos ante calquera autoridade competente.

Con base no anterior, o artigo 15 establece condicións xerais que se aplican á actividade dos organismos de control, dispón que a acreditación da competencia técnica se realice a través dunha entidade nacional de acreditación, e que, unha vez obtida esta, será suficiente e proporcionado un réxime de declaración responsable.

Doutra parte a Sentenza 162/2008, do 15 de decembro, da Sala Primeira do Tribunal Constitucional, declarou inconstitucional e nulo o artigo 31.3.a) da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

A anulación do artigo 31.3.a), que establecía como infracción leve o incumprimento de calquera outra prescrición non incluída nos números anteriores da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, ten como resultado que para os incumprimentos de seguridade detectados nas inspeccións, que non se encontren tipificados como infraccións graves no número 2 dese mesmo artigo 31, na actualidade se careza dun mecanismo de control e sanción adecuado. Adicionalmente, o tempo transcorrido desde a publicación da Lei de industria fai necesario adaptar a tipificación tanto das infraccións leves como das graves e moi graves.

Ademais, convén modificar os artigos 8, 13 e 16 co obxecto de aliñalos co establecido na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado. En concreto, modifícase o artigo 8.11 para adaptar a definición de acreditación á definición dada pola Lei 20/2013, de garantía da unidade de mercado. Así mesmo, procede modificar o artigo 13.1.b) co fin de eliminar o termo «autorizado» para instaladores ou conservadores. Igualmente, procede modificar o artigo 16 para eliminar o termo «autorizados» dos organismos de control, para substituílo polo termo «habilitado», e indicar que a supervisión dos organismos de control se levará a cabo tal como establece a Lei 20/2013.

Outro dos fins perseguidos coa modificación da Lei 21/1992 é conseguir os obxectivos de desindexación, polo que se debe reformar o parágrafo quinto do artigo 34.1 co obxecto de evitar que a actualización do importe das sancións estea referenciado ao índice de prezos de consumo.

Por último, modifícase o artigo 18 da Lei de industria, que fai referencia ao Consello de Coordinación da Seguridade Industrial. A experiencia de funcionamento do dito consello e a súa comisión permanente fai conveniente a modificación dese artigo, para facelo máis operativo e eficiente, así como co obxecto de redefinir as funcións que debe levar a cabo o dito consello.

IV

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación sobre pesos e medidas e determinación da hora oficial.

Exclúese do anterior o artigo 14, que se ampara no artigo 149.1.28.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación.

Tamén se exclúe a disposición derradeira terceira que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en materia de industria.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto da presente lei o establecemento e a aplicación do Sistema legal de unidades de medida, así como a fixación dos principios e das normas xerais a que se debe axustar a organización e o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España.

CAPÍTULO II

Sistema legal de unidades de medida

Artigo 2. *Sistema e unidades legais de medida.*

1. O Sistema legal de unidades de medida é o Sistema internacional de unidades (SE) adoptado pola Conferencia Xeral de Pesos e Medidas vixente na Unión Europea. Comprende a definición das unidades do Sistema internacional e as de utilización autorizada, os seus nomes e símbolos, as súas regras de escritura, as escalas de tempo e temperatura e as regras de expresión dos seus valores e para a formación de múltiplos e submúltiplos. O Sistema legal de unidades de medida é de uso obrigatorio en España.

2. Son unidades legais de medida as unidades básicas e derivadas do Sistema internacional de unidades.

3. As unidades básicas son:

Magnitude	Nome	Símbolo
Lonxitude	metro	m
Masa	quilogramo	kg
Tempo	segundo	s
Intensidade de corrente eléctrica	ampere	A
Temperatura termodinámica	kelvin	K
Cantidade de substancia	mol	mol
Intensidade luminosa	candela	cd

4. As unidades derivadas fórmanse a partir de produtos de potencias de unidades básicas.

5. O Goberno, mediante real decreto, con carácter xeral ou en sectores específicos e de conformidade coas resolucións da Conferencia Xeral de Pesos e Medidas, poderá autorizar o uso de unidades que, aínda non pertencendo ao Sistema internacional, se poidan utilizar conxuntamente con el. De igual modo, poderanse utilizar outras unidades de medida cuxo uso estea previsto por convenios ou acordos internacionais que vinculen a España.

Artigo 3. *Nomes, símbolos e outras regras relativas á expresión das unidades de medida.*

Corresponde ao Goberno, mediante real decreto e de conformidade coas resolucións da Conferencia Xeral de Pesos e Medidas e coa normativa da Unión Europea, o establecemento das definicións das unidades básicas e derivadas, os seus nomes e símbolos, das escalas de tempo e temperatura, das regras de escritura dos símbolos e nomes das unidades e das regras de expresión dos valores das magnitudes e para a formación dos múltiplos e submúltiplos das unidades.

Artigo 4. *Patróns nacionais e diseminación das unidades de medida.*

1. A obtención, conservación, desenvolvemento e diseminación das unidades de medida e das escalas de tempo e temperatura é competencia da Administración xeral do Estado e efectuarase tomando en consideración as recomendacións científicas e técnicas derivadas dos convenios internacionais subscritos por España. A hora oficial establecerase, por real decreto, con referencia á escala de tempo universal coordinado materializada polo Real Instituto e Observatorio da Armada en San Fernando.

2. Para o cumprimento do disposto no número anterior, os órganos da Administración xeral do Estado competentes en materia metrolóxica poderán subscribir convenios de cooperación e colaboración con entidades públicas e privadas, exercendo en todo caso a dirección e coordinación dos traballos correspondentes.

3. Os patróns das unidades declarados como tales, custodiados, conservados e mantidos pola Administración xeral do Estado, son os patróns nacionais dos que derivan todos os demais. Corresponde ao Goberno, mediante real decreto, declarar os patróns nacionais das unidades básicas.

4. Corresponde ao Goberno, mediante real decreto, determinar as condicións de rastrexabilidade, exactitude e incerteza que os patróns e instrumentos de medida deben satisfacer co fin de obter a uniformidade e credibilidade das medicións.

Artigo 5. *Materiais de referencia.*

1. Son materiais de referencia aqueles suficientemente homoxéneos e estables con respecto a propiedades especificadas, de forma que sexan aptos para o seu uso nunha medición ou nun exame de propiedades cualitativas. Os materiais de referencia certificados deben sempre ir acompañados da documentación que proporcione información sobre un ou varios valores das propiedades especificadas para os que se detalle a súa incerteza e rastrexabilidade asociada.

2. Corresponde ao Goberno, mediante real decreto, determinar as exixencias de rastrexabilidade e certificación que deben satisfacer os materiais de referencia co fin de obter a uniformidade e credibilidade das medicións nas que se utilicen.

Artigo 6. *Utilización do Sistema legal de unidades de medida.*

1. Prohíbese empregar, salvo nos supostos a que se fai referencia no artigo 2.5, unidades de medida distintas das legais para a medida das magnitudes nos ámbitos que poidan afectar o interese público, a saúde e seguridade pública, a orde pública, a protección do ambiente, a actividade económica, a protección dos consumidores e usuarios, a recadación de tributos, o cálculo de aranceis, canons, sancións administrativas, realización de peritaxes xudiciais, establecemento das garantías básicas para un comercio leal e a todas aquelas actividades que se determinen con carácter regulamentario.

2. O sistema educativo deberá velar polo ensino do Sistema legal de unidades de medida a nivel que corresponda.

3. Existe indicación suplementaria cando unha indicación expresada conforme o Sistema legal vai acompañada dunha ou varias indicacións expresadas noutras unidades. A indicación en unidades do Sistema legal deberá ser sempre predominante e claramente diferenciada da suplementaria.

4. Mediante real decreto poderase exixir que nos instrumentos de medida figuren indicacións de magnitude nunha soa unidade de medida legal.

CAPÍTULO III

Control metrolóxico do Estado

Artigo 7. *Control metrolóxico do Estado.*

De conformidade coa normativa da Unión Europea e coas resolucións da Organización Internacional de Metroloxía Legal, o control metrolóxico do Estado é o conxunto de actividades que contribúen a garantir a certeza e a corrección do resultado das medicións, regulando as características que deben ter os instrumentos, medios, materiais de referencia, sistemas de medida e programas informáticos relacionados coa medición; os procedementos adecuados para a súa utilización, mantemento, avaliación e verificación, así como a tipoloxía e obrigacións dos axentes intervinientes.

Artigo 8. *Elementos sometidos ao control metrolóxico do Estado.*

1. Os instrumentos, medios, materiais de referencia, sistemas de medida e programas informáticos que sirvan para medir ou contar e que sexan utilizados por razóns de interese público, saúde e seguridade pública, orde pública, protección do ambiente,

protección ou información aos consumidores e usuarios, recadación de tributos, cálculo de aranceis, canons, sancións administrativas, realización de peritaxes xudiciais, establecemento das garantías básicas para un comercio leal, e todas aquelas que se determinen con carácter regulamentario, estarán sometidos ao control metrolóxico do Estado nos termos que se estableza na súa regulamentación específica.

2. Cando así se determine na regulamentación específica de cada instrumento, será posible a utilización de instrumentos testemuña, con características metrolóxicas ou requisitos de verificación especiais, que estean á disposición dos cidadáns para a comprobación das medidas efectuadas por outros instrumentos situados no mesmo recinto. Nese caso poderanse ampliar pola súa regulación específica os períodos da verificación periódica dos instrumentos instalados no ámbito de influencia do instrumento testemuña.

3. Cando os custos asociados ao control metrolóxico de instrumentos en servizo sexan similares ou superiores aos de reposición do instrumento, poderase establecer regulamentariamente un período máximo de vida útil e, ou, a prohibición de reparación ou modificación deste. Tamén se poderá establecer regulamentariamente un período de caducidade para a utilización dos materiais de referencia.

4. Determinaranse regulamentariamente a modalidade e o alcance do control aplicable en cada caso, así como os principios e normas xerais da designación e supervisión dos axentes que interveñen nel. Tamén se poderán determinar regulamentariamente os métodos e procedementos de utilización, axuste, calibración, avaliación e verificación.

En todo caso, terase en conta que as medidas de control deberán ser proporcionadas en relación co interese público perseguido, así como que se poidan cumprir da forma menos custosa para os operadores económicos.

5. As actuacións de control metrolóxico levadas a cabo pola Administración pública competente e os documentos regulamentarios emitidos por unha autoridade competente ou, de acordo co previsto nesta lei, polos axentes ou organismos designados que interveñen no control metrolóxico do Estado, serán válidos e eficaces en todo o territorio nacional.

6. Gozarán de presunción de exactitude de medida, salvo proba en contrario, as medicións realizadas con instrumentos ou sistemas de medida sometidos a control metrolóxico do Estado que superasen as fases de control metrolóxico que lles sexan de aplicación.

7. Regulamentariamente establecerase o réxime de marcación e precintaxe dos instrumentos e sistemas de medida sometidos ao control metrolóxico, que deberá proporcionar información clara e precisa aos cidadáns, consumidores e usuarios e ás autoridades inspectoras sobre a súa avaliación da conformidade e estado de verificación. Os precintos colocados de acordo coa regulamentación aplicable serán válidos e eficaces en todo o territorio nacional.

Artigo 9. *Fases do control metrolóxico do Estado.*

1. O control previsto no artigo anterior comprende a fase de avaliación da conformidade e a fase de control metrolóxico de instrumentos en servizo.

2. Na fase de avaliación da conformidade compróbase o cumprimento dos requisitos regulamentarios que os instrumentos, aparellos, medios, materiais de referencia e sistemas de medida deben satisfacer na súa primeira utilización.

3. A fase de control metrolóxico de instrumentos en servizo pode comprender, segundo corresponda en cada caso, verificacións despois de reparación, verificacións despois de modificación e verificacións periódicas. A dita fase ten por obxecto comprobar e confirmar que un instrumento ou sistema de medida en servizo mantén o cumprimento de requisitos regulamentarios concordantes cos orixinais.

4. Os instrumentos e sistemas de medida sometidos ao control metrolóxico do Estado pero non regulados en fase de control metrolóxico de instrumentos en servizo deberán respectar, mentres se sigan utilizando, os erros máximos permitidos na súa avaliación da conformidade.

5. As administracións públicas competentes para a execución da lexislación sobre metroloxía serán as responsables do cumprimento do disposto neste capítulo respecto ao control metrolóxico do Estado.

Artigo 10. *Vixilancia e inspección.*

1. As administracións públicas competentes poderán comprobar en calquera momento por si mesmas, de oficio ou por instancia de parte interesada, o cumprimento dos requisitos legal e regulamentariamente establecidos para os instrumentos, medios, materiais de referencia, sistemas de medida e programas informáticos sometidos a control metrolóxico do Estado.

2. Os funcionarios que leven a cabo as actuacións de inspección a que se refire o número anterior, terán a condición de axentes da autoridade e, como tales, no exercicio das súas funcións, poderán acceder a calquera instalación ou dependencia pública ou privada relacionada co obxecto da súa inspección, respectando, en todo caso, a inviolabilidade do domicilio constitucionalmente protexido.

3. As entidades públicas e empresas privadas están obrigadas a permitir o acceso do persoal inspector aos lugares, vehículos e instalacións onde o control metrolóxico se debe efectuar, así como a facilitar a práctica das operacións que se requiran.

4. Os feitos constatados polos funcionarios encargados das tarefas de inspección realizadas no exercicio das súas funcións e que se formalicen en documento público observando os requisitos legalmente establecidos terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios administrados.

5. Cando como resultado dunha inspección ou verificación se determine que un instrumento funciona incumprindo o disposto na súa regulamentación específica, ou superando os erros máximos permitidos, ou que presenta signos de ter sido manipulado, as administracións públicas deberán impedir a súa posta en servizo ou proceder á súa inmediata retirada do servizo, segundo corresponda.

Artigo 11. *Declaración responsable dos reparadores de instrumentos sometidos ao control metrolóxico.*

1. Aqueles que reparen ou modifiquen instrumentos sometidos ao control metrolóxico deberán, con anterioridade ao inicio da actividade, presentar ante a autoridade competente unha declaración responsable sobre a dispoñibilidade dos medios técnicos, o cumprimento dos requisitos relativos aos procedementos de traballo e a cualificación técnica e profesional do seu persoal, nos termos que se determinen regulamentariamente.

2. A declaración responsable habilita, desde o día da súa presentación, para o desenvolvemento da actividade de que se trate en todo o territorio español e cunha duración indefinida. Calquera modificación sobrevida deberá ser comunicada á Administración competente. Non será necesaria a presentación da declaración responsable para as entidades reparadoras establecidas noutro Estado membro da Unión Europea que presten os seus servizos en réxime de libre prestación en territorio español.

Artigo 12. *Reparación ou modificación de instrumentos sometidos ao control metrolóxico do Estado.*

1. Considérase reparación dun instrumento ou sistema de medida toda intervención, consecuencia dunha avaría, que requira levantamento de precintos e o devolva ao seu estado orixinal. Considérase modificación a intervención que substitúe ou altera partes, elementos ou módulos do instrumento ou sistema por outros distintos dos que dispoñía no momento da súa avaliación inicial.

2. Cando a verificación despois de reparación ou modificación fose regulamentariamente establecida, a intervención nun instrumento que requira levantamento de precintos impedirá a súa posta en servizo até que non superase a correspondente verificación.

3. Non obstante, as disposicións específicas reguladoras do control metrolóxico do Estado para cada tipo de instrumento ou sistema de medida poderán establecer, atendendo ás repercusións da súa utilización, a posibilidade da súa posta en servizo despois dunha reparación ou modificación, e á espera da correspondente verificación, baixo a responsabilidade e os precintos de quen os repare ou modifique. Esta posta en servizo requirirá, en todo caso, da solicitude previa de verificación á autoridade competente.

4. Cando a avaliación da conformidade dun instrumento sometido ao control metrolóxico do Estado non requira dunha certificación por terceira parte de cada unidade de produto non será necesaria a verificación despois de reparación nos casos en que ese instrumento sexa reparado polo responsable da súa posta en mercado e servizo, e precintado por el cos precintos que o identifican e sempre que a intervención non supoña unha modificación do dito instrumento. A reparación que se leve a cabo nestes termos non poderá alterar o prazo de verificación periódica.

Artigo 13. *Produtos preenvasados.*

1. Os produtos preenvasados deberán cumprir as condicións establecidas nos correspondentes regulamentos metrolóxicos sobre o control do seu contido.

2. Os produtos preenvasados levarán no seu envase, envoltura ou etiqueta, a indicación da cantidade de materia ou mercadoría que conteñan, que se deberá expresar de conformidade co Sistema legal de unidades de medida, con caracteres lexibles e en lugares en que se aprecie facilmente.

CAPÍTULO IV

Protección do patrimonio histórico

Artigo 14. *Exportación de determinados obxectos metrolóxicos.*

A saída do territorio español dos pesos, balanzas, instrumentos e, en xeral, de toda clase de obxectos metrolóxicos que formen parte do patrimonio histórico español, rexeráse conforme a normativa específica estatal e europea en materia de protección do patrimonio cultural.

CAPÍTULO V

Organización

Artigo 15. *Competencias.*

1. As competencias que, de acordo coa presente lei, corresponden á Administración xeral do Estado serán exercidas polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a través, se for o caso, do organismo a el adscrito ou por proposta deste, sen prexuízo das funcións que, por razón da súa competencia específica, deban desenvolver outros departamentos ministeriais.

2. As competencias na execución do control metrolóxico do Estado que fosen transferidas serán exercidas polo órgano que cada comunidade autónoma determine.

Artigo 16. *O Consello Superior de Metroloxía.*

1. O Consello Superior de Metroloxía, órgano colexiado de carácter interministerial adscrito ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, en que se integran representantes das administracións das comunidades autónomas e da Administración local, é o órgano superior de asesoramento e coordinación en materia de metroloxía científica, técnica, histórica e legal.

2. O Consello Superior de Metroloxía poderá elaborar directrices técnicas e de coordinación que completen e precisen as normas que regulen o control metrolóxico do Estado e que aseguren a coordinación e excelencia dos laboratorios depositarios de patróns nacionais e a máis eficaz aplicación das ditas normas. O Consello velará especialmente por garantir a unidade de mercado de acordo coa normativa vixente.

As directrices mencionadas serán obrigatorias para as persoas físicas ou xurídicas que executen as actividades e presten os servizos vinculados ao ámbito da metroloxía.

A aprobación das directrices levarase a cabo mediante resolución do secretario xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, ditada por proposta do Consello Superior de Metroloxía, logo de audiencia aos interesados e informe da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Será requisito de exixibilidade do cumprimento das directrices a súa publicación previa no «Boletín Oficial del Estado».

As ditas directrices técnicas serán desenvolvidas polos órganos do Consello Superior de Metroloxía.

3. O Consello Superior de Metroloxía poderá aprobar guías prácticas acerca de métodos e procedementos relacionados cos procesos de medición, verificación ou ensaio, que serán difundidas polo Centro Español de Metroloxía. Estas guías, que carecerán de valor normativo, terán o carácter de recomendacións de boas prácticas e de criterios orientativos para os seus destinatarios.

As actuacións dos laboratorios e axentes, executando as actividades descritas nas guías, gozarán de presunción de corrección técnica cando se realicen conforme elas.

4. Mediante real decreto determinaranse a composición, a organización e as regras de funcionamento do Consello Superior de Metroloxía.

5. O Centro Español de Metroloxía prestará ao Consello Superior de Metroloxía o apoio técnico e administrativo que precise para o eficaz cumprimento dos seus fins.

Artigo 17. *O Centro Español de Metroloxía.*

1. O Centro Español de Metroloxía, organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, é o instituto nacional de metroloxía de España. No ámbito internacional, como tal, relaciónase cos institutos nacionais dos restantes países e, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, representa o Estado ante as organizacións internacionais de metroloxía. Réxese pola súa lei fundacional e polo seu estatuto e exerce as funcións correspondentes da Administración xeral do Estado en materia metrolóxica.

2. Son laboratorios asociados ao Centro Español de Metroloxía aqueles que, por razóns de especialización científica e técnica, sexan designados por real decreto do Consello de Ministros como tales e como depositarios de patróns nacionais das unidades de certas magnitudes. Os laboratorios asociados actuarán no campo metrolóxico baixo a coordinación funcional do Centro Español de Metroloxía. O Centro Español de Metroloxía poderá celebrar convenios cos laboratorios asociados para a mellora na diseminación das unidades e, se for o caso, das escalas, con rastrexabilidade ao patrón nacional.

3. O Centro Español de Metroloxía poderá celebrar convenios mediante os cales designará laboratorios colaboradores que, sen seren depositarios de patróns nacionais, desenvolvan actividades metrolóxicas en magnitudes ou rangos de medida determinados que requiren de instalacións de deseño e especificacións singulares.

4. O Centro Español de Metroloxía é o organismo de cooperación administrativa en materia metrolóxica. Recibe información dos axentes e autoridades que interveñen no control metrolóxico do Estado e distribúea ou públicaa para posibilitar a súa eficaz aplicación en todo o territorio; fomenta a colaboración entre as autoridades e axentes intervinientes e facilita formación e soporte científico e técnico adecuado ás súas necesidades. Como organismo de cooperación administrativa, velará, en particular, por garantir a unidade de mercado, de conformidade coa normativa vixente.

5. O Centro Español de Metroloxía impulsará o desenvolvemento do Sistema metrolóxico nacional e as boas prácticas daqueles que interveñen nel, velará pola excelencia dos patróns nacionais e materiais de referencia e a súa adecuación ao estado

da ciencia e a tecnoloxía, fomentará a formación de especialistas en metroloxía e garantirá a utilización correcta dos sistemas de medición e do Sistema internacional de unidades na sociedade.

Artigo 18. *Rexistro de Control Metrolóxico.*

1. O Rexistro de Control Metrolóxico será de carácter público. Nel deberanse inscribir os datos relativos ás persoas ou entidades que fabriquen, importen, comercialicen, reparen ou cedan en arrendamento os instrumentos ou sistemas sometidos ao control metrolóxico do Estado e as súas modificacións. De igual modo, tamén serán inscritas no Rexistro de Control Metrolóxico as persoas ou entidades que interveñan nas fases do control metrolóxico establecidas no artigo 9 desta lei.

2. O Rexistro de Control Metrolóxico é un rexistro único de alcance nacional, cuxos datos están centralizados no Centro Español de Metroloxía, do cal depende. As actuacións propias da xestión deste rexistro corresponden ás administracións públicas competentes.

3. A inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico será realizada de oficio pola Administración competente a partir da información achegada polos suxeitos no momento da inscrición da primeira operación que realicen, no trámite da súa designación para a súa intervención no control metrolóxico, ou na declaración responsable que se establece no artigo 11 desta lei.

Artigo 19. *Organismos designados.*

1. As entidades que realicen as avaliacións da conformidade ou as verificacións relacionadas coa execución do control metrolóxico do Estado terán a consideración de organismos designados para os efectos desta lei e serán habilitadas para o desenvolvemento da súa actividade polas administracións públicas competentes para o exercicio desas funcións. Son organismos notificados os que actúan na avaliación da conformidade dos instrumentos sometidos á lexislación harmonizada pola Unión Europea. Os organismos de control metrolóxico actúan na avaliación da conformidade dos instrumentos sometidos a lexislación nacional. Os organismos autorizados de verificación metrolóxica actúan na fase de instrumentos en servizo.

O procedemento para a designación destes organismos e o seu réxime de incompatibilidades regularanse mediante real decreto.

2. Serán requisitos esenciais para a designación destes organismos a comprobación da súa independencia e cualificación técnica.

As administracións públicas competentes velarán pola independencia das entidades e empresas privadas ou persoas físicas que designen en razón da súa falta de vinculación con aqueles que actúen coa fabricación, comercialización, reparación, mantemento e utilización dos instrumentos sometidos a control. Presumirase a súa independencia cando se trate de administracións públicas ou organismos e entidades de titularidade pública.

A cualificación técnica presumirase para o Centro Español de Metroloxía e para aqueles que sexan acreditados para o efecto pola Entidade Nacional de Acreditación. As administracións públicas competentes poderán apreciar a cualificación por outros medios nos supostos que se determinen regulamentariamente.

3. As administracións públicas competentes outorgarán a correspondente autorización a aquelas entidades que cumpran os requisitos a que se refire o número anterior de conformidade co procedemento que establezan.

Os organismos designados poderán actuar en todo o territorio nacional e os seus certificados e outros documentos regulamentarios para o control metrolóxico do Estado terán validez e eficacia en calquera lugar do dito territorio.

4. Os organismos designados estarán obrigados a subscribir un seguro de responsabilidade civil ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar no exercicio da súa actividade, nos supostos e co alcance que se determinen mediante real decreto.

CAPÍTULO VI

Réxime de infraccións e sancións

Artigo 20. *Responsables.*

Incorrerán en responsabilidade, para os efectos do disposto neste capítulo, as persoas físicas ou xurídicas que realicen por acción ou omisión feitos constitutivos de infracción conforme o disposto nesta lei.

Artigo 21. *Infraccións.*

1. As accións e omisións que se relacionan no artigo seguinte consideraranse infraccións a esta lei e implicarán a correspondente responsabilidade administrativa para os seus autores, sen prexuízo da responsabilidade exigible en vía penal, civil ou doutra orde a que poidan dar lugar.

2. En ningún caso se poderá impor unha dobre sanción administrativa polos feitos que fosen sancionados, nos casos en que se aprecie identidade do suxeito, feito e fundamento.

3. A Administración pública que levará a cabo a tramitación do procedemento sancionador será aquela competente no lugar onde se encontre o instrumento de medida no momento en que se produciu a acción que deu lugar ao expediente sancionador.

Artigo 22. *Clasificación das infraccións.*

1. Son infraccións leves:

a) Carecer o titular do instrumento dos documentos legal ou regulamentariamente exigibles a este ou carecer o instrumento das identificacións legal ou regulamentariamente exigibles, ou posuílas de forma tal que resulten dificilmente visibles ou lexibles por parte dos consumidores ou usuarios dos servizos daquel e dos axentes ou funcionarios no exercicio dunha acción inspectora por conta da Administración pública competente.

b) Fabricar, importar, distribuír ou comercializar un instrumento ou sistema de medida que non vaia acompañado da documentación legal ou regulamentariamente exigible, ou sen as identificacións e marcacións legal ou regulamentariamente exigibles, ou posuílas de forma tal que resulten dificilmente visibles ou lexibles por parte dos consumidores ou usuarios dos servizos daquel, así como dos axentes ou funcionarios no exercicio dunha acción inspectora.

c) Modificar ou incumprir as condicións ou requisitos non esenciais que deron lugar ao outorgamento das autorizacións ou habilitacións administrativas necesarias para apoiar a fabricación, comercialización, reparación, modificación, ou uso dos instrumentos de medida.

d) Modificar ou incumprir condicións ou requisitos non esenciais manifestados na declaración responsable previa á actuación como reparador.

e) Proporcionar información aos cidadáns en unidades de medida non incluídas no Sistema legal.

f) Empregar instrumentos que, estando sometidos por regulación específica ao control metrolóxico do Estado nas fases determinadas nesta lei, non o superasen, sempre e cando non se poña en risco o interese público protexido.

2. Son infraccións graves:

a) Obstruír as actuacións inspectoras de control metrolóxico, así como negarse ou resistirse inxustificadamente a exhibir ou proporcionar aos funcionarios encargados delas os instrumentos, documentos ou datos que aqueles reclamen no exercicio da súa función inspectora.

b) Fabricar, importar, distribuír, comercializar ou empregar instrumentos que, estando sometidos por regulación específica ao control metrolóxico do Estado nas fases

determinadas nesta lei, non superasen as ditas fases, cando poñan en risco o interese público protexido.

c) Manter en servizo un instrumento sen os precintos regulamentariamente establecidos ou levantalos de forma non autorizada.

d) Utilizar un instrumento de medida con coñecemento de que os seus erros superan os máximos regulamentariamente permitidos.

e) Utilizar unidades de medida non incluídas no Sistema legal con fins publicitarios, nos manuais de utilización dos bens ou para a realización de transaccións comerciais, sempre que a dita utilización non constituía infracción moi grave.

f) Incumplir os requisitos regulamentariamente establecidos para os organismos designados para intervir no control metrolóxico do Estado, así como non informar a Administración pública competente que o designou de calquera modificación que poida afectalos.

g) Carecer dos patróns ou materiais de referencia que se establecesen como obrigatorios, ou posuílos sen a rastrexabilidade exixible que garanta a súa fiabilidade, ou negarse, sen causa xustificada, a proporcionarlos a aqueles usuarios que soliciten facer uso regulamentario deles.

h) Falsear orixinaria ou sobrevidamente os datos contidos na comunicación ou declaración responsable, así como incumplir as obrigacións recollidas no artigo 11 desta lei respecto á dita declaración responsable.

i) Colocar indebidamente a marcación CE e a marcación adicional de metroloxía ou unha marcación nacional, así como utilizar marcacións ou etiquetas con deseños non regulamentarios ou que induzan a confusión.

j) Emitir certificados ou informes cuxo contido non se axuste á realidade.

k) Verificar, comprobar, ensaiar ou probar, por parte dos organismos designados, de forma incompleta ou con resultados inexactos, por unha insuficiente constatación dos feitos ou pola deficiente aplicación de normas técnicas.

l) Axustar indebidamente os erros dos instrumentos tras a súa reparación ou modificación aínda que se manteñan dentro dos erros máximos permitidos.

m) Utilizar procedementos técnicos distintos dos regulamentados e levantar precintos ou precintar en momentos ou con medios que non estean regulamentariamente autorizados.

n) Entregar precintos ou códigos informáticos por parte daqueles que teñen lexitimidade para colocalos a outras persoas non autorizadas para o seu uso.

ñ) Reincidir en falta leve pola cal foi sancionado no prazo dos dous anos anteriores á súa comisión.

3. Son infraccións moi graves:

a) Realizar actividades reguladas por esta lei sobre instrumentos de medida sometidos ao control metrolóxico do Estado, sen ter obtido as autorizacións e designacións administrativas correspondentes, ou sen ter presentado, se for o caso, a declaración responsable.

b) Pór en servizo instrumentos, que ao non ter superado as diferentes fases de control metrolóxico do Estado, se declarasen fóra de servizo, ou se prohibise a súa utilización, mentres non se emenden os defectos que deron lugar á adopción das referidas medidas.

c) Continuar realizando as actividades propias dunha designación, recoñecemento ou habilitación administrativa despois de revogada esta.

d) Realizar calquera manipulación sobre un instrumento, co fin de modificar fraudulentamente o resultado da medida.

e) Utilizar precintos, por parte de calquera dos axentes implicados, que non se axusten ao regulamentariamente establecido.

f) Conducirse por acción ou omisión de forma que se implique engano ou se induza a erro aos consumidores.

- g) Conducirse por acción ou omisión de forma que se provoquen falsos resultados de medida que impliquen riscos para a saúde, a vida ou a seguridade das persoas.
- h) Conducirse por acción ou omisión de forma que se provoquen falsos resultados de medida que impliquen riscos para o ambiente.
- i) Envasar, distribuír, importar ou vender produtos preenvasados cuxos contidos sexan inferiores aos nominais menos os erros máximos permitidos.
- j) Reincidir en falta grave pola cal foi sancionado no prazo dos dous anos anteriores á súa comisión.

Artigo 23. Sancións.

1. Na imposición das sancións tipificadas no artigo anterior deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada segundo o seguinte baremo:

- a) As infraccións leves sancionaranse con multa de até 5.000 euros.
- b) As infraccións graves sancionaranse con multa de 5.001 a 90.000 euros.
- c) As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 90.001 a 600.000 euros.

2. Cando da infracción sancionable derive prexuízo para terceiros, para as administracións públicas ou para o ambiente, ou lucro para o infractor, os importes anteriores elevaranse da forma seguinte:

- a) As infraccións graves sancionaranse como mínimo con 5.001 euros ou, se o prexuízo causado ou o lucro obtido é maior, co importe estimado dos danos ocasionados ou o lucro obtido e, como máximo, coa cifra resultante de multiplicar por 1,5 o importe estimado dos danos ocasionados ou o lucro obtido co límite máximo de 90.000 euros.
- b) As infraccións moi graves sancionaranse como mínimo con 90.001 euros ou, se o prexuízo causado ou o lucro obtido é maior, co importe estimado dos danos ocasionados ou o lucro obtido e, como máximo, coa cifra resultante de multiplicar por 2 o importe estimado dos danos ocasionados ou o lucro obtido co límite máximo de 600.000 euros.

3. A contía específica da sanción que se imporá pola comisión de cada infracción determinarase atendendo aos criterios de risco para a saúde, importancia do dano ou deterioración causados, posición no mercado do infractor, contía do beneficio obtido, grao de intencionalidade, gravidade da alteración social producida, e, no caso das infraccións moi graves, reiteración na súa comisión cando os seus autores foron sancionados por unha infracción da mesma gravidade no prazo dos dous anos anteriores á comisión da última.

4. As sancións aplicables aos organismos designados para a execución do control metrolóxico do Estado poderán levar como accesoria a inhabilitación para o exercicio da actividade por un período non inferior a un ano nin superior a dous no caso de infraccións graves, nin superior a cinco anos no caso de infraccións moi graves.

5. As resolucións administrativas sancionadoras poderán acordar igualmente o comiso dos aparellos e instrumentos.

6. A autoridade que impoña a sanción poderá acordar a publicación das sancións impostas, a través dos medios que se consideren oportunos, unha vez que estas adquirisen firmeza en vía administrativa ou, se for o caso, xurisdiccional, así como os nomes, apelidos ou denominación ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables e a índole e natureza das infraccións.

Artigo 24. Prescrición de infraccións e sancións.

1. O prazo de prescrición das infraccións previstas nesta lei será de tres anos para as moi graves, dous para as graves e seis meses para as leves, contados desde a súa total consumación. O cómputo do prazo de prescrición iniciarase na data en que se cometeu a infracción ou, se se trata dunha actividade continuada, na data do seu cesamento.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e o prazo de prescrición reemprenderase se o expediente sancionador estivo paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

2. O prazo de prescrición da sanción prevista no artigo 23 desta lei será de tres anos para as moi graves, de dous anos para as graves e dun ano para as leves, contado desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 25. *Competencia para resolver.*

Cando as infraccións se cometan en lugares do territorio nacional onde non foron transferidas á correspondente comunidade autónoma as competencias executivas en materia de metroloxía, a imposición das sancións pola comisión das infraccións leves e graves previstas nesta lei corresponderá ao titular da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa. No mesmo suposto, a imposición das sancións pola comisión de faltas moi graves corresponderá ao titular do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Artigo 26. *Procedemento.*

1. A imposición das sancións administrativas axustarase ao procedemento regulado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. No caso de incoarse procedemento sancionador, poderá ser acordado preventivamente o secuestro ou precintaxe dos instrumentos ou aparellos de medida, a resultas da decisión da autoridade administrativa ou xudicial que coñeza o asunto.

3. O prazo máximo para a resolución e notificación dos procedementos sancionadores tramitados ao abeiro desta lei será dun ano, contado desde a data en que se produciu o acto administrativo que iniciou a súa tramitación.

Disposición transitoria única. *Adaptación ao disposto no artigo 19.*

1. As administracións públicas competentes na execución do control metrolóxico do Estado cuxo réxime de habilitación non sexa conforme co establecido no artigo 19.3 deberán adoptar as medidas necesarias para garantir a aplicación do disposto no dito número antes do 1 de xaneiro de 2017.

2. Mentres non se aproben as normas de desenvolvemento do disposto no artigo 19 desta lei e sexan designados conforme ela, o Centro Español de Metroloxía e os demais organismos designados poderán seguir realizando as actividades propias do control metrolóxico do Estado para as que estean habilitados, de acordo cos prazos e condicións establecidos nas normas aplicables.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados a Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, o Real decreto legislativo 1296/1986, do 28 de xuño, polo que se modifica a Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, e se establece o control metrolóxico CEE, o artigo 11 da Lei 25/2009, do 25 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizo e o seu exercicio, e o capítulo VI do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, que regula o control metrolóxico do Estado sobre os instrumentos de medida, así como cantas outras disposicións se opoñan ao establecido na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

O Goberno, por proposta do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, ditará as disposicións regulamentarias que se requiran para o desenvolvemento e aplicación da presente lei.

Disposición derradeira segunda. *Autorización para a actualización de sancións.*

Autorízase o Goberno, por proposta do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, para actualizar, cada dous anos e mediante real decreto, as contías das sancións do artigo 23 desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.*

A Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, modifícase como segue:

Un. O artigo 4.5 queda redactado como segue:

«Sen prexuízo do disposto no artigo 15 desta lei, unicamente se poderá requirir autorización administrativa previa da Administración competente cando resulte obrigado para o cumprimento de obrigacións do Estado derivadas da normativa comunitaria ou de tratados e convenios internacionais.»

Dous. O artigo 8.11 queda redactado como segue:

«Acreditación: declaración por un organismo de acreditación de que un organismo de avaliación da conformidade cumpre os requisitos fixados conforme normas harmonizadas, e cando proceda, outros requisitos adicionais, incluídos os establecidos nos esquemas sectoriais pertinentes, para exercer actividades específicas de avaliación da conformidade.»

Tres. O artigo 13.1.b) queda redactado como segue:

«b) Certificación ou acta de organismo de control, instalador ou conservador habilitado ou técnico facultativo competente.»

Catro. O artigo 15 queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Organismos de control.*

1. Os organismos de control son aquelas persoas físicas ou xurídicas que, tendo capacidade de obrar e dispoñendo dos medios técnicos, materiais e humanos e imparcialidade e independencia necesarias, poden verificar o cumprimento das condicións e requisitos de seguridade establecidos nos regulamentos de seguridade para os produtos e instalacións industriais.

Mediante real decreto do Consello de Ministros estableceranse os requisitos e condicións exhibibles a estes organismos e, en particular, os seus requisitos de independencia. Así mesmo, os ditos organismos deberán cumprir as disposicións técnicas que se diten con carácter estatal co fin do seu recoñecemento no ámbito da Unión Europea.

2. A valoración técnica do cumprimento dos requisitos e condicións mencionados no número anterior realizarao unha entidade nacional de acreditación, co obxecto de verificar e certificar a súa competencia técnica na realización das súas actividades, sen prexuízo da competencia administrativa para comprobar o cumprimento dos requisitos administrativos requiridos.

3. Os organismos de control virán obrigados, como requisito previo ao inicio da actividade, a subscribir pólizas de seguro, avais ou outras garantías financeiras equivalentes, que cubran os riscos da súa responsabilidade na contía que se establece regulamentariamente.

4. O réxime de habilitación para o acceso e exercicio da actividade dos organismos de control consistirá nunha declaración responsable ante a autoridade competente, con acreditación previa da competencia técnica do organismo de control por unha entidade nacional de acreditación.

A habilitación corresponde á autoridade competente en materia de industria onde o organismo de control acceda á actividade para a que desexa ser acreditado, sen prexuízo, se for o caso, da aplicación do disposto en materia de autoridade de orixe na disposición adicional décima da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

A declaración responsable habilitará o organismo de control para desenvolver a actividade para a que foi acreditado en todo o territorio español por tempo indefinido, sen prexuízo, se for o caso, do que dispoña a normativa comunitaria para efectos do seu recoñecemento na Unión Europea.

5. Os certificados emitidos polos organismos de control no exercicio das súas actividades terán validez e eficacia en todo o territorio español.

6. A inscrición dos organismos de control no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV desta lei será realizada de oficio pola Administración pública competente, con base nos datos incluídos na declaración responsable.»

Cinco. O artigo 16 queda redactado como segue.

«Artigo 16. *Funcionamento dos organismos de control.*

1. A verificación, por parte dos organismos de control, do cumprimento das condicións de seguridade efectuarase mediante calquera dos procedementos de avaliación da conformidade regulamentariamente establecidos, acordados, se for o caso, coa normativa comunitaria.

2. Cando do informe ou certificación dun organismo de control non resulte acreditado o cumprimento das exixencias regulamentarias, o interesado poderá manifestar a súa desconformidade ante o organismo de control e, en caso de desacordo, ante a Administración competente. A Administración requirirá do organismo os antecedentes e practicará as comprobacións que correspondan, dará audiencia ao interesado na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, resolverá no prazo que para o efecto establece e, na súa falta, no prazo de tres meses, se é ou non correcto o control realizado polo organismo. Mentres non exista unha revogación da certificación negativa por parte da Administración, o interesado non poderá solicitar o mesmo control doutro organismo de control.

3. A supervisión dos organismos de control levarase a cabo tal como establece a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, no seu capítulo VI.

4. Os titulares ou responsables de actividades e instalacións suxeitas a inspección e control por seguridade industrial están obrigados a permitir o acceso ás instalacións aos expertos dos organismos de control, facilitándolles a información e documentación necesarias para cumprir a súa tarefa segundo o procedemento regulamentariamente establecido.

5. Os organismos de control deberán facilitar á Administración competente a información sobre as súas actividades que regulamentariamente se determine.»

Seis. O artigo 18 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 18. *Consello de Coordinación da Seguridade Industrial.*

1. Créase o Consello de Coordinación da Seguridade Industrial como órgano consultivo da Administración xeral do Estado e, por outra parte, como órgano de cooperación, comunicación e información entre os órganos competentes das administracións públicas para impulsar e coordinar os criterios e actuacións en

materia de seguridade industrial. A creación deste Consello non poderá supor incremento de dotacións, retribucións ou outros gastos de persoal.

2. Serán fins do Consello:

a) Promover a coordinación das actuacións e unificación de criterios entre as administracións públicas para a necesaria unidade do mercado no ámbito da calidade e a seguridade industrial.

b) Propiciar o intercambio de información e coordinación das campañas de control de produtos industriais que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e as comunidades autónomas leven a cabo.

c) Identificar aquelas melloras regulamentarias que permitan o efectivo aseguramento da calidade e seguridade industrial.

3. Para a consecución dos ditos fins, o Consello terá as seguintes funcións:

a) Emitir informe, se o considera necesario o Ministerio propoñente, respecto dos proxectos de normas en materia de calidade e seguridade industrial que tramite a Administración xeral do Estado.

b) Impulsar a realización de estudos, informes e guías en materia de calidade e seguridade industrial.

c) Promover a creación de bases de datos e información, nos termos que establezan os respectivos regulamentos, así como a elaboración de estatísticas que permitan ás administracións públicas e sectores interesados o coñecemento da situación en materia de seguridade industrial referida ao conxunto nacional.

d) Promover a creación dos comités necesarios para o intercambio de información e unificación de criterios entre administracións públicas co obxecto de conseguir unha efectiva unidade de mercado.

4. O Consello de Coordinación da Seguridade Industrial estará adscrito ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e será presidido polo secretario xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

A vicepresidencia deste órgano desempeñaráa o director xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

Os vogais do Consello serán determinados polo real decreto que aprobe a súa composición e as súas normas de funcionamento.

Así mesmo, contará cunha secretaria, cuxo titular será nomeado polo secretario xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa e asistirá ás sesións con voz e sen voto.

Cando a materia dos asuntos que se vaian tratar así o requira poderanse incorporar ao Consello outros representantes da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas distintos dos vogais.

5. A composición e normas de funcionamento do Consello de Coordinación da Seguridade Industrial aprobaranse mediante real decreto do Consello de Ministros por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

O dito real decreto poderá regular a existencia dunha comisión permanente con competencias delegadas do Consello e de comités técnicos de carácter sectorial e horizontal, destinados a colaborar nas tarefas regulamentarias e a coordinar as actuacións en materia de calidade e seguridade industrial.»

Sete. O artigo 31 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 31. *Clasificación das infraccións.*

1. Son infraccións moi graves as seguintes:

a) O incumprimento doloso dos requisitos, obrigacións ou prohibicións establecidos na normativa industrial sempre que ocasionen risco grave ou dano para as persoas, a flora, a fauna, as cousas ou o ambiente.

b) A reincidencia en falta grave pola cal foi sancionado no prazo dos dous anos anteriores á súa comisión.

c) A negativa absoluta a facilitar información ou prestar colaboración ao persoal inspector.

d) As tipificadas no número seguinte como infraccións graves, cando delas resulte un dano moi grave ou derive un perigo moi grave e inminente para as persoas, a flora, a fauna, as cousas ou o ambiente.

2. Son infraccións graves as seguintes:

a) A fabricación, importación, distribución, comercialización, venda, transporte, instalación, reparación ou utilización de produtos, aparellos ou elementos suxeitos a seguridade industrial sen cumprir as normas regulamentarias, cando comporte perigo ou dano grave para persoas, flora, fauna, cousas ou o ambiente.

b) A posta en funcionamento de instalacións se se carece da correspondente autorización ou inscrición rexistral, ou se non se presentan previamente os documentos exixidos cando algún destes sexa preceptivo de acordo coa correspondente disposición legal ou regulamentaria.

c) O exercicio ou desenvolvemento de actividades sen a correspondente autorización, habilitación ou inscrición rexistral, cando esta sexa preceptiva, ou transcorrido o seu prazo de vixencia, así como a modificación non autorizada pola autoridade competente das condicións e requisitos sobre os cales se outorgou a correspondente autorización, habilitación ou inscrición.

d) Non dispor de contratos de mantemento das instalacións con empresas habilitadas nos casos en que sexan obrigatorios.

e) A ocultación ou alteración dolosa dos datos a que se refiren os artigos 22 e 23 desta lei, así como a resistencia ou reiterada demora en proporcionarlos sempre que estas non se xustifiquen debidamente.

f) A resistencia dos titulares de actividades e instalacións industriais en permitir o acceso ou facilitar a información requirida polas administracións públicas, cando houbese obrigación legal ou regulamentaria de atender tal petición de acceso ou información ou cando esta sexa necesaria para poder executar a correspondente inspección ou control de mercado.

g) O incumprimento dos requirimentos específicos e das medidas cautelares que formule a autoridade competente, cando se produza de modo reiterado.

h) A expedición de certificados, informes ou actas cuxo contido non se axuste á realidade dos feitos.

i) A redacción e sinatura de proxectos ou memorias técnicas cuxo contido non se axuste ás prescricións establecidas na normativa aplicable.

j) As inspeccións, ensaios ou probas efectuadas polos organismos de control de forma incompleta ou con resultados inexactos por unha insuficiente constatación dos feitos ou pola deficiente aplicación de normas técnicas.

k) A acreditación de organismos de control por parte das entidades de acreditación cando se efectúe sen verificar totalmente as condicións e requisitos técnicos exixidos para o funcionamento daqueles ou mediante valoración tecnicamente inadecuada.

l) O incumprimento das prescricións ditadas pola autoridade competente en cuestións de seguridade relacionadas con esta lei e coas normas que a desenvolven.

m) A inadecuada conservación e mantemento de instalacións se disto pode resultar un perigo para as persoas, a flora, a fauna, os bens ou o ambiente.

n) A inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato, ou manifestación, de carácter esencial, sobre o cumprimento dos requisitos exixidos sinalados na declaración responsable ou a comunicación achegada polos interesados.

ñ) A realización da actividade sen cumprir os requisitos exixidos ou sen ter realizado a comunicación ou a declaración responsable cando algunha delas sexa preceptiva.

o) A falta de comunicación á Administración pública competente da modificación de calquera dato de carácter esencial incluído na declaración responsable ou comunicación previa.

p) Manter en funcionamento instalacións sen ter superado favorablemente as inspeccións, revisións ou comprobacións establecidas na normativa de desenvolvemento da presente lei.

q) O incumprimento por negligencia grave dos requisitos, obrigacións ou prohibicións establecidos na normativa industrial sempre que se produza risco para as persoas, a flora, a fauna, as cousas ou o ambiente, aínda que sexa de escasa entidade; e o mesmo incumprimento e comportamento cando, cometido con negligencia simple, produzan risco grave para as persoas, a flora, a fauna, as cousas ou o ambiente.

r) A reincidencia en falta leve pola cal foi sancionado no prazo dos dous anos anteriores á súa comisión.

3. Son infraccións leves as seguintes.

a) A fabricación, importación, comercialización, venda, transporte, instalación ou utilización de produtos, aparellos ou elementos industriais sen cumprir as normas regulamentarias aplicables, cando non constitúa infracción grave ou moi grave.

b) A non comunicación á Administración pública competente dos datos referidos nos artigos 22 e 23 desta lei dentro dos prazos regulamentarios.

c) O incumprimento dos requirimentos específicos ou as medidas cautelares que formule a autoridade competente dentro do prazo concedido para o efecto, sempre que se produza por primeira vez.

d) A falta de emenda das deficiencias detectadas en inspeccións e revisións regulamentarias no prazo sinalado na acta correspondente ou a falta de acreditación de tal emenda ante a Administración pública competente, sempre que as ditas deficiencias non constitúan infracción grave ou moi grave.

e) A inadecuada conservación e mantemento das instalacións, cando non constitúa infracción grave ou moi grave.

f) A falta de colaboración coas administracións públicas no exercicio por estas das súas funcións de inspección e control derivadas desta lei.

g) O incumprimento, por simple negligencia, dos requisitos, obrigacións establecidas na normativa industrial sempre que se produza risco para as persoas, a flora, a fauna, as cousas ou o ambiente e este sexa de escasa incidencia.

h) A inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato, ou manifestación, de carácter non esencial, sobre o cumprimento dos requisitos exixidos sinalados na declaración responsable ou a comunicación achegada polos interesados.

i) A falta de comunicación á Administración pública competente da modificación de calquera dato de carácter non esencial incluído na declaración responsable ou comunicación previa.»

Oito. O artigo 34.1 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 34. Sancións.

1. As infraccións serán sancionadas na forma seguinte:

a) As infraccións leves con multas de até 3.005,06 euros.

b) As infraccións graves con multas desde 3.005,07 até 90.151,82 euros.

c) As infraccións moi graves con multas desde 90.151,83 até 601.012,10 euros.

O Goberno, por proposta do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, poderá actualizar, mediante real decreto, as contías das sancións.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.*

A Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo número ao artigo 4, coa seguinte redacción:

«6. A planificación eléctrica poderá incluír un anexo, de carácter non vinculante, con aquelas instalacións da rede de transporte que se considere necesario pór en servizo durante os anos posteriores ao horizonte da planificación. A inclusión dunha instalación neste anexo servirá soamente para os efectos de iniciar os trámites administrativos pertinentes da referida instalación. Antes de ditar as resolucións que corresponda, poderase acordar a suspensión nos procedementos administrativos relativos ás instalacións obxecto deste número até a súa inclusión na planificación eléctrica vinculante. O contido do citado anexo poderá ser modificado baixo os mesmos supostos recollidos no número 4 deste artigo e atendendo aos procedementos alí previstos.»

Dous. O artigo 16.2 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, queda modificado nos seguintes termos:

«2. O Goberno establecerá a estrutura e condicións de aplicación das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución que deberán satisfacer:

- a) os consumidores, tendo en conta as especialidades por niveis de tensión e as características dos consumos por períodos horarios e potencia.
- b) os produtores, tendo en conta a enerxía vertida ás redes.»

Tres. O artigo 33.1.b) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, queda modificado nos seguintes termos:

«b) Dereito de conexión a un punto da rede: dereito dun suxeito a engancharse electricamente a un punto concreto da rede de transporte existente ou planificada con carácter vinculante ou de distribución existente ou incluída nos plans de investimento aprobados pola Administración xeral do Estado nunhas condicións determinadas.»

Catro. O primeiro parágrafo do artigo 33.2 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, queda modificado nos seguintes termos:

«2. A concesión dun permiso de acceso basearase no cumprimento dos criterios técnicos de seguridade, regularidade, calidade da subministración e de sustentabilidade e eficiencia económica do sistema eléctrico establecidos regulamentariamente polo Goberno. A aplicación destes criterios determinará a existencia ou non de capacidade de acceso. Na avaliación da capacidade de acceso deberanse considerar ademais do propio nó a que se conecta a instalación, todos os nós con influencia no nó onde se conecta a instalación, tendo en conta as instalacións de produción de enerxía eléctrica e consumo existentes e as xa comprometidas nos ditos nós. Do mesmo modo, na referida avaliación a rede que se vai considerar será a rede de transporte existente ou planificada con carácter vinculante ou a rede de distribución existente ou incluída nos plans de investimento aprobados pola Administración xeral do Estado nunhas condicións determinadas.»

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

1. Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación sobre pesos e medidas e a determinación da hora oficial.

2. Exclúese do anterior o artigo 14, que se ampara no artigo 149.1.28.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación.

3. Tamén se exclúe a disposición derradeira terceira, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de decembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY